

# Memoria de actividades. Ano 2019.





## ÍNDICE

<b>Extrutura colexial</b>	<b>3</b>
<b>Actividades e servizos</b>	<b>8</b>



*Esta memoria recolle as actividades emprendidas dende o Colexio Oficial de Podólogos de Galicia durante o ano 2019. Estas foron realizadas por e para os colexiados e colexiadas, por e para que a poboación xeral sexa consciente da importancia da podoloxía na vida diaria.*



## ***ESTRUTURA COLEXIAL***

## **ORGANIGRAMA**



**ASAMBLEA XERAL.** A Asemblea Xeral é o Órgano Soberano do Colexio Oficial de Podólogos de Galicia e que, tal e como establece o artigo 26 do Decreto 115/2011 do 3 de xuño, os seus acordos ou resolucións obrigan a todos os colexiados, aínda que non estean presentes na mesma, se absteñan ou voten en contra.

Por outra banda, tal e como está regulado dos artigos 23 ao 38 dos Estatutos Colexiais, a estas Asembleas Xerais poden acudir todos/as os/as colexiados/as que estean en plenitude dos seus dereitos. Durante o 2019 celebráronse dúas Asembleas Xerais Ordinarias, a primeira, o 19 de marzo e a segunda, o 14 de decembro.

**XUNTA DE GOBERNO.** A Xunta de Goberno é o órgano representativo e executivo, ao que lle corresponden a dirección e administración do Colexio, coa suxeición á legalidade vixente e aos Estatutos Colexiais. Os cargos, voluntarios e sen remunerar (porén, si se aboan as axudas de custos de desprazamento e dietas), propóñense mediante unha elección á que poden acceder todos/as os/as colexiados/as que cumpran os requisitos fixados polos Estatutos. O proceso de elección da actual Xunta de Goberno iniciouse o 23 de maio do 2019, coa reunión da Comisión Electoral, e culminou no mes de xuño coa elección da única candidatura presentada. Esta está conformada por Juan Dios Tomé (presidente), Rocío Dono Gago (vicepresidenta), Celia Sieiro Rodríguez (tesoureira), Cristina Fernández Espiño (secretaria), Gonzalo Barros García (vogal) e Martín Veiga Jalda (vogal). Así mesmo, a duración dos cargos conta cunha duración de catro anos.



**ORGANIZACIÓN POR ÁREAS.** O Colexio Oficial de Podólogos de Galicia conta cunha organización por áreas para, deste xeito, lograr unha maior especialización e

determinación do traballo e os seus obxectivos. Actualmente, a entidade divide o seu ámbito de actuación en catro sección diferenciadas.

- **Área institucional.** Está conformada por **D. Juan Dios Tomé** e por **Dna. Rocío Dono Gago**. Encárgase da representación oficial do Colexio ante a Administración, diferentes institucións, tribunais, etc. Ademais, tamén ten entre as súas funcións a de redactar e elaborar os regulamentos de orde interna así como as normas deontolóxicas que rexen a profesión.
- **Área de formación.** Conta con **D. Gonzalo García Barros** e **D. Martin Veiga Jalda** á cabeza. Esta sección ten como obxectivo o de organizar actividades comúns de proveito para os/as colexiados/as entre as que se inclúen cursos, xornadas ou congresos, así como informar de outras accións emprendidas por outras entidades, tamén de interese para os membros do Colexio.
- **Área colexial.** A actividade da área colexial divídense en tres vertentes. A **asesoría xurídica**, que ofrece consello legal e está encabezada por **Dna. Paloma Sánchez Martínez-Zaráte**; a área de **intrusismo**, dirixida por **Dna. Celia Sieiro Rodríguez**, que busca vixiar e, de ser necesario, levar ante o tribunal as denuncias sobre actividades profesionais no ámbito da podoloxía realizadas por persoas que non están autorizadas legalmente para iso; e, por último, a **servizos colexiais**, dos que se encarga **Dna. Cristina Fernández Espiño**, que son múltiples servizos de carácter profesional ou asistencial de interese para os/as colexiados/as.
- **Área de promoción e divulgación.** Busca realizar actividades orientadas cara a poboación xeral coa intención de prestixiar, promover e difundir a podoloxía e a figura do/da podólogo/a. As actividades de promoción e divulgación que se realizan cada ano son decididas sen Asemblea por proposta da Xunta de Goberno. Asemade, o Colexio

ten contratado, coa finalidade de difundir a figura do podólogo e de promocionar, aínda máis, as actividades que se realizan, como gabinete de prensa a empresa **Vía Láctea Comunicación**.

**COLEXIADOS.** Ao finalizar o ano 2019 o Colexio Oficial de Podólogos de Galicia estaba conformado por un total de 465 podólogos/as distribuídos da seguinte maneira:







## ***ACTIVIDADES E SERVIZOS***

## **SERVIZOS DA ENTIDADE**

**SECRETARÍA.** A área de Secretaría do Colexio Oficial de Podólogos de Galicia encárgase da xestión de variadas actividades, realizar os trámites administrativos do Colexio, así como informar de maneira concisa sobre calquera dúbida que poida xurdir sobre a colexiación e os servizos que se ofrecen dende a institución. En termos xerais, a súa acción xira arredor dos seguintes eixos:

- Xestión e trámite de expedientes e documentación.
- Movementos de colexiados (altas e baixas).
- Rexistro de entrada e saída.
- Outras actividades: consultas á Asesoría Xurídica, certificacións, información xeral relacionada coa profesión (colexiación, servizos colexiais...), etc.

**ASESORÍA XURÍDICA.** A Asesoría Xurídica é un servizo que abarca todo o ámbito xurídico referente ao campo da podoloxía e que vai actualizando as bases legais segundo se van efectuando cambios legislativos. O seu responsable informa puntualmente ao Colexio e, en xeral, ao colectivo dos colexiados e colexiadas que o requiran, de todos os cambios que se poidan producir no sector.


O responsable da asesoría revisa, todos e cantos convenios, acordos, contratos e documentos deban ser ratificados pola Xunta de Goberno do Colexio, elaborando uniforme non vinculante sobre a súa viabilidade. Ademais, dende este servizo aténdense os problemas que poidan xurdir tanto entre os propios profesionais como entre profesionais e doentes, e buscarase, de forma arbitraria, a mellor solución ao conflito.



Por outra banda, dende a Asesoría Xurídica preténdense resolver todos aqueles casos que, expostos na debida forma polos afectados, deriven en intrusismo profesional e que poidan ser obxecto de cobertura legal, e que xeren tanto responsabilidade penal como civil, e solicitarán incluso amparo xudicial se fose necesario.

**SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL PROFESIONAL.** Todos/as colexiados/as exercentes do Colexio Oficial de Podólogos de Galicia están asegurados nunha póliza que cobre os prexuízos que pola súa labor profesional poidan ocasionar, e que, inclúe tanto a práctica da cirurxía podolóxica como a inhabilitación profesional ditada pola sentenza xudicial firme, cunha indemnización de 1.200 euros/mes.

**INTRUSISMO.** Durante o 2019 rexistráronse un total de 35 denuncias de intrusismo, das cales, máis dun 25% están relacionados con estudos da marcha. De feito, en orde de casos, o intrusismo en estudos da marcha (9) situouse á cabeza, seguido por centros de estética (8), outros profesionais (4), ortopedias, farmacias e publicidade enganosa (3 casos cada unha), domicilios (2) e residencias, outros negocios e outros casos (1 cada unha). Por outra banda, produciuse unha sanción administrativo a un enfermeiro de 10.500 euros, tres instrucións de informacións incoadas e en trámite e hai tres centros pendentes de investigación privada.



## ACTIVIDADES EMPRENDIDAS DURANTE O 2019

### ÁREA DE PROMOCIÓN E DIVULGACIÓN

- **Relación cos medios.** Durante o ano 2019 o COPOGA tivo unha penetración informativa conformada por 188 pezas informativas distribuídas en prensa, radio e televisión. Isto tradúcese nunha superficie en prensa de 957 módulos o que é igual a 19,14 páxinas e a 8 horas e 21 minutos en radio e televisión.
- **Publicacións no blog.** Dende finais do ano 2018 publícanse entradas no blog do Colexio Oficial de Podólogos (blog.copoga.com), cuxa publicación máis vista (*Non é o mesmo unha quiropodia que unha pedicura*) sumou máis de 45 mil visualizacións.
- **Produtos audiovisuais.** Ao longo do 2019 creáronse varios vídeos divulgativos, cuxo corto máis visto supera as 12.000 reproducións. Por outra banda, tamén se crearon infografías coa finalidade de publicalas nas redes sociais da entidade pero tamén destinadas á súa publicación na prensa para a divulgación entre a poboación xeral de información podolóxica de interese.

- **Campaña de centros autorizados.** Durante o 2019, coa finalidade de loitar contra o intrusismo profesional e informar á poboación xeral sobre a importancia de ser atendidos por profesionais, o Colexio Oficial de Podólogos de Galicia emitiu vinilos acreditativos dos centros nos que está dada de alta a oferta asistencial de podoloxía e o seu correspondente responsable.
- **Boletín trimestral.** Neste ano distribuíuse por primeira vez entre os/as colexiados/as o boletín trimestral do Colexio para que estes estean ao tanto das últimas novidades, actividades e accións da entidade.
- **Campaña pé infantil.** *Só tres letras teño, pero o teu peso sosteño* é o conto infantil da pedagoga Yolanda Rial, que busca concienciar dunha maneira didáctica á poboación infantil sobre a importancia dos pés e do seu coidado. A presentación produciuse na Xornada do Pé Infantil organizada polo COPOGA en colaboración coa Facultade de Podoloxía da Universidade da Coruña. Así mesmo, dentro do marco desta mesma campaña, distribuíronse 120.000 dípticos sobre o pé infantil, en colaboración coas Ampas, en colexios galegos.
- **Novos folletos para as clínicas.** O Colexio Oficial de Podólogos de Galicia distribuíu entre as clínicas dos/as seus/súas colexiados/as un tríptico informativo sobre a importancia de acudir regularmente ao/á podólogo/a.
- **Concursos de postais de Nadal.** Durante o pasado Nadal organizouse un concurso dirixido a nenos e nenas de entre 3 e 6 anos. Recibíronse 311 postais de cativos e cativas de toda Galicia (no organizado pola Xunta de Galicia “Nadal no Gaias” participaron 160 menores).

- **Outras accións.** Realizáronse outros eventos de índole divulgativa/científica como a celebración do Día da Podoloxía, en colaboración coa Universidade da Coruña, a asistencia a maratóns, etc.

## ÁREA INSTITUCIONAL

Dentro da área institucional, a acción máis destacada, que xa se mencionou previamente foi a celebración de eleccións á Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Podólogos de Galicia. Dende a área institucional, ademais, deféndese ante os organismos públicos e privados que sexan precisos os intereses dos colexiados. Deste xeito, no 2019 o Colexio estivo presente na Consellería de Sanidade, o Consejo General de Colegios Oficial de Podólogos, nas Medallas de Ouro de Galicia, no acto do Colexio de Médicos, actos no Concello de Santiago, etc.

Por outra banda, en decembro do 2019 publicáronse no DOGA as titulacións que permiten o acceso aos corpos de acceso a docentes de ensinanza secundaria e FP. Dende o Colexio Oficial de Podólogos de Galicia mantivéronse reunións coa Consellería de Educación para que se incluíse ao podólogo nas materias nas que si inclúe a outras profesións con menos competencias. Ao non ser posible a negociación, interpúxose un recurso contra a orde.

## ÁREA COLEXIAL

Dentro deste ámbito de actuación realizáronse numerosos cursos formativos, campaña de centro autorizados, así como vantaxes por ser colexiados (club podólogos e propios do COPOGA).

- **Seminario de usos Klaser en podoloxía.** Foi impartido o 26 de xaneiro, sendo o primeiro curso formativo do ano, e a el asistiron 35 alumnos para coñecer, durante as seis horas de duración, sobre o mundo do láser en podoloxía. A actividade estivo

impartida por Jerónimo Benavent, Elena Carrascosa e Xabier Erezuma, en colaboración co proveedor K-Laser Médica Ibérica, SL.

- **Curso de biomecánica e podoloxía en Pádel.** Impartida polo especialista en podoloxía deportiva, Ibán Grau, tivo lugar o 23 de febreiro de 2019 e estendeuse durante oito horas. Durante a ponencia analizáronse os movementos e golpes no pádel, así como o comportamento do pé durante o xogo. O experto estivo acompañado por varios xogadores profesionais do circuíto galego de dito deporte, Hugo Suárez e David Rodríguez, que actuaron como doentes. Asistiron 30 alumnos.
- **Curso de remodelación ungueal e siliconas.** O curso sobre remodelación ungueal e siliconas en patoloxías dixitais celebrouse o 16 de marzo e foi impartida polo podólogo Javier Ruiz Escobar, coa colaboración da empresa Herbitas, a cal facilitou o material empregado durante o curso. Contou cunha duración de tres horas e distribuíu a súa programación en dous bloques: o primeiro, sobre a reomodelación de uñas atrofiadas mediante xel con clotrimazol e, o segundo, sobre siliconas e as súas aplicacións en patoloxías ungueais.
- **Taller do pé diabético.** A actividade tivo lugar o 30 de marzo, contou coa asistencia de 20 alumnos e a intervención do podólogo Eduardo Simón e o doutor José Ignacio Rodríguez Mateos. Os temas tratados foron diversos, entre os que se poden citar a diabetes en xeral, as complicacións crónicas, o pé diabético, o pé neuropático, o papel do podólogo na Unidade do Pé diabético, ademais da exposición de casos clínicos.
- **Exploración biomecánica e Técnica de Adaptación en Directo.** Celebrada no segundo trimestre do 2019, estivo a cargo do podólogo especializado en biomecánica, podoloxía deportiva e pediátrica, Eugeni Llorca. Dividiuse en dúas sesións, unha teórica e outra práctica.

- **Diatermia recuperadora modulada TECAR e ondas de choque aplicados en podoloxía e patoloxías do nocello.** O curso estivo impartido polo podólogo da UCAM Murcia Club de Baloncesto, Rogelio Diz Martínez, en colaboración con Biotecna Medical Technology.
- **Curso de iniciación á cirurxía MIS.** O curso de iniciación á cirurxía de Mínima Incisión celebrouse o 28 de setembro. O curso foi impartido polo director do Máster en Cirurxía Mínima Incisión (MIS) na Universidade Católica de Valencia, Eduardo Nieto García e o secretario da Asociación Española de Cirurxía Mínima Incisión do Pé, Santiago Nieto Farrán.
- **Taller de biomecánica do corredor.** O taller foi impartido polo podólogo doutorado en biomecánica pola Universidade de Granada, Luis Enrique Roche, e tivo lugar o 26 de outubro. A programación dividiuse en dos bloques: o primeiro, sobre as diferenzas entre correr e a marcha, as fases de carreira e as súas técnicas; e, o segundo, sobre a análise da biomecánica da carreira e as lesións do corredor.
- **Taller teórico-práctico de ortesioloxía dixital.** Celebrouse o 30 de novembro na sede colexial e foi impartido polo profesor Salomón Benhamú.
- **Seminario informativo sobre actualización en lexislación, protección de datos e contratación laboral para podólogos.** Celebrado a mañá do 14 de decembro.